

# **EMPRESARIOS, FÁBRICAS E TRABALADORES: A INDUSTRIA DA MADEIRA (1920-1936)**

Manuel González Probados  
Profesor de Historia Contemporánea  
Universidade da Coruña  
e Dionisio Pereira  
Investigador

## **PANORÁMICA DA INDUSTRIA**

No primeiro tercio do século vinte, o aproveitamento da madeira era un dos labores máis frecuentes tanto no agro coma nas actividades artesanais e industriais das vilas e cidades do noso país. Se acreditamos na Cámara Agraria Provincial de Pontevedra, en 1920 as sucesivas repoboacións de piñeiros converteran en cultivadores forestais a trescentos mil labregos, un de cada dous de facermos caso do censo daquel ano. E, segundo a Asociación Gallega de Industriales Madereros, durante a República os propietarios ingresarían ó redor de trinta millóns de pesetas anuais pola venda de case setecentos mil metros cúbicos de madeira a tratantes, exportadores e serradoiros<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> El Pueblo Gallego, 14-6-1936. Teñamos en conta que, segundo o Banco de España, unha pta. de 1936 equivalería a cen de 1983.

Estas fábricas, unhas trescentas na etapa republicana<sup>2</sup>, eran abastecidas por unha morea de serranchíns, carreteiros e lancheiros, empregando nas súas instalacións máis de 6000 operarios, homes e mulleres, que percibían uns dez millóns de pesetas anuais polo seu traballo (id. 1). Segundo o Censo de Poboación de 1930, un continxente de 14.000 artesáns atendía nas vilas e cidades pequenos obradoiros de ebanistería, carpintería de banco ou de ribeira, tapicería, etc. cun aquel familiar, ás veces dedicados a oficios moi concretos como a fabricación de mobles, carros, cadaleitos, zocos ou bocois. Como resultante, a relevancia das actividades transformadoras da madeira ponse de manifesto no feito de que no ano 1929 pagaban máis contribución industrial ca ningún outro sector en Galicia, e representaban o 17% no conxunto español.

En Galicia, a madeira elaborada empregábase maiormente na edificación, no subministro de caixas para a industria pesqueira e para a Fábrica de Tabacos da Coruña, na construción naval e nas devanditas faenas artesanais. Mais cómpre salientar un sector exterior sobranceiro: en concreto, enviábanse troncos para as minas do País de Gales e Asturias, e para as factorías da Papelera Española en Euskadi; *tablilla* para os envases de cítricos, uvas e pasas de Levante e Andalucía, e tamén para as caixas que precisaban as Fábricas de Tabacos de Xixón e Sevilla; por último, a madeira galega en forma de táboas era moi empregada na edificación urbana en Levante e Andalucía.

Esta dinámica comercial tiña especial relevo nos portos de Vilagarcía de Arousa e Vigo, posto que os embarques de madeira ocupaban o primeiro e o segundo lugar respectivamente, na trasfega de mercadorías. Ademais manteñan os fretes en numerosos veleiros e vapores de cabotaxe, así como o continuo vai e vén dunha flota de pequenos balandros e galeóns de servizo de ría ou recaboteado. Velaí as 51.000 Tn. de diversos tipos de madeira despachadas no porto arousán no ano 1924, que significaron o

---

<sup>2</sup> Diversas estatísticas non coinciden. Mentres A. Villar Ponte fala de 270 (La Voz de Galicia 1-1-1936) e o Sindicato Patronal del Ramo de la Madera de Vigo de 200 (EPG 12-10-1935), Antón Alonso Ríos refírese a 402 (DSC 8-5-1936). Pola súa banda, I. Tizón apunta á caída de 400 a 250 no primeiro bienio republicano (EPG 28-9-1933).

41% do total da súa actividade. Vigo seguía en importancia, cun movemento superior ás 20.000 Tn. entre 1929 e 1933<sup>3</sup>. Por último, a relevancia do comercio madeireiro na Galicia rural di moito sobre o seu papel complementario nas economías labregas. Atendendo ás *Matrículas Industriales* dos concellos da provincia da Coruña, agás a capital, nos anos 1931 e 1932 ocupaba o terceiro lugar no volume de contribucións, inmediatamente despois das ferreterías e das tendas minoristas de tecidos<sup>4</sup>.

## DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA E FUNCIONAL

A industria madeireira localizábase preferentemente nas dúas provincias occidentais, sendo Pontevedra con 95 serradoiros a de máis actividade<sup>5</sup>. O Baixo Miño era, se cadra, a bisbarra cun maior número de fábricas: cando en 1927 se consolida a principal empresa do sector, *Serrerías del Miño S.A.*, conta con 35 enclaves, en Pontearreas, Salvaterra, Salceda, Tui, Tomiño, A Guarda, e ó redor de dous milleiros de operarios. A súa produción, como a do Porriño, Mos e Redondela, destinábase á madeira de envases para Levante e Andalucía, exportados a través dos peiraos de Camposancos e Vigo. Na cidade olívica, ós oito serradoiros presentes no rexistro de Matrícula Industrial de 1932, cómpre engadir almacenistas, distribuidores e intermediarios. Entre todos fornecían materia prima para o ramo da edificación local, e, sobre todo, para a industria transformadora de peixe.

Vilagarcía de Arousa era tamén centro dunha forte actividade que abranguíña, ademais dunha quincena de serradoiros da bisbarra que producían *tablilla* para envases, importadores de madeiras do estranxeiro (Sue-

<sup>3</sup> Cámara oficial de Comercio, Industria y Navegación, Vigo. Memoria Comercial, 1929; íd. A Coruña, «Estudio realizado para conocer las causas del decrecimiento mercantil de La Coruña», mecanografiado, 1935 ; ABUIN, M.: *Vilagarcía y el mar (1880-1936)*, Vilagarcía 1992.

<sup>4</sup> GONZÁLEZ PROBADOS, M.: *Crise económica, movemento obreiro e socialismo na Galiza (1931-1936)* Tese de Doutoramento. Santiago 1988.

<sup>5</sup> Indalecio Tizón, EPG 28-9-1933.

cia, Finlandia, Cuba, O Brasil), almacenistas e exportadores de puntais cara ás minas británicas e asturianas. Entre eles salienta a *Asociación Patronal de Mineros Asturianos*, receptores a partir da Primeira Guerra Mundial da produción de piñeiros dunha ampla zona entre Santiago de Compostela, Silleda e O Salnés, e que mantiña tamén delegacións en Corcubión e Noia. O embarque de rolla era a cerna da actividade madeireira nos peiraos de Camariñas, Ortigueira ou Cedeira, que mantiñan xunto cos serradoiros betanceiros un intenso comercio de balandros e trincados de leña e madeira para a construción na capital da provincia. Nesta, un conxunto de 44 pequenos serradoiros, os chamados «fabriquíns», fornecían de envases á Fábrica de Tabacos e ós exportadores de peixe do Muro. A carón deles, auténticas fábricas como as de Jaspe e *Hijos de Cervigón Guerra* elaboraban madeiras, de importación ou do país, para o ramo da edificación. Preto da capital, nos concellos de Carballo e Laracha radicaron durante os anos trinta ó redor de 25 serradoiros, debruzados na produción de *tablilla* para os envases da fábrica de Tabacos de Sevilla e dos cítricos levantinos. Para rematar esta panorámica provincial, localidades do litoral, como Ribeira ou A Pobra do Caramiñal ó sur ou Cariño ó norte, contaron neste período con establecementos dedicados á elaboración de caixas para a industria pesqueira.

Estas eran as principais áreas productoras de madeira elaborada, mais tamén en Lugo e Ourense, ciscados aquí e acolá, funcionaron numerosos serradoiros de cativa magnitude empresarial e, xa que logo, número de empregados. Mesmo en certas vilas eran a principal fonte de emprego asalariado, e ás veces atendían algunhas actividades derivadas. Velái o caso de Ribadavia, cun bo número de especuladores de madeiras, serradoiros, cubeiros e fabricantes de cadaleitos. Outro tanto acontecía no Carballiño<sup>6</sup>.

---

<sup>6</sup> Para todo isto, ademais do citado e as Matriculas Industriais, ver «Anuario General de Información» AGI, editado en Santander en 1933 e os xornais *Galicia Nueva* (Vilagarcía) 1915-1931 e *Solidaridad Obrera* (A Coruña) 1930-1936.

## BREVE ANÁLISE EMPRESARIAL

Nunha primeira ollada, parécenos estar diante dun panorama de empresas de pouca envergadura. A mínima presenza de intermediarios financeiros, restrinxida á Banca local, e sociedades anónimas no sector tesemuña o que estamos a dicir<sup>7</sup>. Asemade, a media de traballadores por fábrica, uns 25, abonda na devandita primeira impresión. Con todo, á beira desta atomización atopamos un feixe de explotacións de respectable tamaño. Nunha escolma feita nas 109 firmas do sector nun Anuario (AGI) de 1933, achamos que a metade posuía recursos inferiores a cen mil pesetas, o 44% situábase entre esa cifra e o millón, e sete delas, o 6,5%, superaba o millón. As empresas sobranceiras radicaban nas provincias de Pontevedra e A Coruña, contando moitas veces con máis dunha unidade de produción e ás veces tiñan máis dun cento de traballadores.

Xa falamos das *Serrería del Miño* e dalgunhas fábricas coruñesas; tamén en Vilagarcía de Arousa houbo un gromo de concentración que deu lugar á constitución en 1924 da firma *Serrerías Gallegas S.L.*, composta por dúas grandes fábricas que agrupaban a 400 traballadores de ámbolos dous sexos<sup>8</sup>. Na década dos trinta, na vila aurosá existían outros dous grandes serradoiros con máis dun cento de obreiros, o de *Hijos de Lantero S.L.* e o de Ramón Gil. Este, manufacturando 50 Tn./día de madeira, era un dos de maior produción de toda España. Como non podía ser menos, o nivel técnico das explotacións reflectía a desigualdade antedita: mentres vapor e auga de ríos e regatos eran a enerxía máis común, algunhas fábricas incorporaban xa gasóleo e, parcialmente, electricidade.

Outro dos trazos definidores da industria da madeira, sobre todo na provincia de Pontevedra, era a integración con negocios de transporte marítimo e de transformación do peixe. Un dos adais de *Serrerías del Miño*, o

---

<sup>7</sup> Segundo o «Anuario Financiero y de Sociedades», en 1934 había tan só dúas sociedades anónimas, cun capital de 2,5 millóns de ptas., o que representaba menos do 1% do desembolsado polo conxunto das SA radicadas en Galicia. Sobre as relacións coa Banca, ver ALONSO, J.A.: «La Banca y la economía de Galicia en el primer tercio del siglo XX», in AAVV *Estructura y cambio social en España 1898-1936* Madrid 1974.

<sup>8</sup> Galicia, Vigo, 31-6-1924.

propietario de Camposancos Constantino Candieira, era dono de estaleiros ó tempo que armador de catro pailebotes e varios vapores. En Vilagarcía de Arousa, a maioría dos exportadores e fabricantes eran tamén armadores, ora de veleiros para cabotaxe ora, ata os anos vinte, de vapores das liñas de Cardiff e Newcastle. Polo que fai á pesca, empresarios da conserva e da salga de Vigo como Rodolfo Alonso ou Bernardo Alfageme, eran titulares de serradoiros; outro tanto acontecía con coñecidos fabricantes das Rías Baixas (Ribeira, A Pobra do Caramiñal) ou de Cariño no norte da provincia da Coruña.

Para rematar, fóra dos oficios xa sinalados e da carpintería de ribeira, a penas existían actividades derivadas merecentes de consideración. Así, fronte á falta dunha industria mobiliaria propiamente dita existían múltiples obradoiros artesanais de ebanistería espaxados por todo o país, algúns deles cun certo número de empregados, como os dos sonados mestres composteláns Jesús Landeira e Urbano Anido. Exemplos illados eran, na rama do papel, a solitaria *Papelera de Brandía* no concello de Lousame, algún que outro negocio de cartonaxe na cidade herculina ou a fábrica de lapis en Ferrol que empregaba madeiras de importación.

## CONXUNTURA ECONÓMICA

Os primeiros anos da centuria son de expansión para o sector, que atende a crecente demanda interna, os novos mercados do sur da península e, sobre todo, a exportación cara ás xa citadas minas de Gales. A Grande Guerra ha provoca-lo cesamento de súpeto dos embarques, substituídos polos crecentes envíos a Asturias. Asemade, o desenvolvemento da construción naval durante o conflito bélico e a suba dos prezos da madeira elaborada no mercado estatal, paliaron a febleza dos pedimentos de envases con destino a Levante, afectados pola caída das exportacións de cítricos.

A crise económica de posguerra afectou sensiblemente á marcha das explotacións forestais. Nun contexto de redución das transaccións, o gravame de 20 ptas./Tn. de «rollizo» exportado, decretado polo goberno en 1920, veu eliminar, de feito, o comercio con Gran Bretaña e provocou a caída do prezo da madeira na orixe. Neste clima depresivo, houbo recha-

mantes crebas de grandes serradoiros (Deza en Vilagarcía de Arousa, Salcedo e Salort en Tui,...), o que en certa medida posibilitou un proceso de concentración de empresas en Vilagarcía e no Baixo Miño, aproveitando a recuperación a partir de 1924 da agricultura de exportación levantina e dos envíos ás minas asturianas<sup>9</sup>.

Tralo «crac» de 1929 e ata a Guerra Civil, a diminución e depreciación das exportacións agrarias do sur da península, principal cliente neste período da madeira galega, condicionou o funcionamento dos serradoiros. Coa caída da demanda, e pese ás teimudas protestas, os madeiros tiveron que aturar unha política arancelaria favorecedora das entradas de madeira lusa e gala. A mingua do arancel aledou ós exportadores levantinos, interesados en reducir custos, vía menor prezo do envase, e accederen así a unha maior cota no mercado francés de cítricos. Os problemas agraváronse cando, madía leva, algúns concellos do litoral de Levante e Andalucía estableceron, xa nos últimos anos da República en paz, recargos sobre a madeira enviada desde Galicia.

Debido a tales atrancos os envases depreciáronse e con eles a madeira na orixe. Tras unha suba continuada de ata 45-65 ptas./m<sup>3</sup> en 1929, baixou case 20 ptas. catro anos máis tarde. O panorama, tal como o deseñaba Indalecio Tizón en *El Pueblo Gallego*, provocaba atonía nos produtores, ruína nos intermediarios e pechamento de numerosas fábricas en Galicia. Segundo o agrarista vigués, a mediados de 1933 das 400 instalacións existentes había un par de anos, soamente funcionaban unhas 250, e a outrora grande *Serrerías del Miño* tan só mantiña cinco en activo, deixando de procesar 300.000 m<sup>3</sup> de madeira. A tendencia xa non mudaría ata a Guerra Civil. De certo as empresas galegas, non puideron ou non souberon axeiarse ós cambios, ós novos escenarios e mercados máis competitivos<sup>10</sup>.

---

<sup>9</sup> Para esta breve síntese empregamos: Galicia Nueva, 1915-1924 e Galicia 1922-1924. Tamén, VÁZQUEZ GARCÍA DELGADO, J.L. «El ciclo industrial de la economía española entre 1914 y 1922» na revista de *Estudios de Historia Social*, 1-2-1983.

<sup>10</sup> A conxuntura económica in GONZÁLEZ PROBADOS, M. Op. Cit.

## A CONDICIÓN OBREIRA

### Xornada e salario

A xa descrita atomización das unidades de produción, desde o que podemos denominar fábricas ata os pequenos serradoiros, verdadeiro minifundismo fabril, condicionou as condicións de traballo. Sen ir máis lonxe, o cumprimento da xornada legal de oito horas era difícil de controlar sindicalmente habendo tantos centros de traballo, illados uns dos outros. Trala proclamación da II República, en abril de 1931, o voceiro herculino da CNT *Solidaridad Obrera* fai públicas as verdadeiras xornadas de traballo existentes en moitas localidades, pois a xornada legal non era precisamente a real.

En concreto, en varios centros de traballo da bisbarra de Carballo ata Cee os operarios traballaban arreo entre dez e doce horas, fálase mesmo de catorce horas. Non é pois esaxeración a descrición de tal estado de cousas como «*horrorosa*» ou propia de «*los tiempos inquisitoriales*» en boca dos afiliados á CNT. Lides semellantes tiñan os uxtetistas, velái os atrancos para se asociaren en lugares afastados: o *Sindicato de Profesiones y Oficios Varios de Ortigueira* á altura de 1932 denunciaba que<sup>11</sup>:

*«los patronos amenazan con despidos a los obreros por estar asociados a nuestra organización, y en venganza de ella, han subido los jornales a otros que tienen no asociados, poniendo a los nuestros en los trabajos más duros, como son acarrear pinos de fuera para la sierra ...»*

Con todo, é certo que os salarios foran subindo durante a década dos anos vinte. Basta olla-las cifras oficiais para unha xornada media de oito horas:

<sup>11</sup> Ver SO A Coruña, 27-5 e 11-7-1931. Cita en Tribunales Laborales, Jurados Mixtos Construcción, Ferrol no Arquivo do Reino de Galicia (ARG) A Coruña.



**Salarios 1919-1930**

	<b>1919</b>	<b>1920</b>	<b>1925</b>	<b>1930</b>	<b>escala profesional</b>
A Coruña	4,64	5,28	8,08	8,08	cualificados
	2,4	4	6,48	6,64	peóns
Pontevedra	3,68	5,92	6,72	7,28	cualificados
	2,08	2,4	3,84	3,6	peóns
Lugo	2,64	4,56	4,88	6,64	cualificados
Ourense	3,84	5,12	7,84	6,48	cualificados

As retribucións do traballo duplicáronse na década, situándose os maiores crecementos ó redor dos anos vinte, suba relativa pois de todos é coñecida a inflación no período.

Os datos, analizados para o ano 1930, permiten precisar algunhas cuestións<sup>12</sup>:

<sup>12</sup> Estadística de salarios y jornadas de Trabajo 1914-1930. Ministerio de Trabajo. Madrid 1931.

		Mestres	Oficiais	Axudantes	Peóns	Aprendices
Pontevedra (capital)	serradoiros	8	6	5,04	4	2
	carpinteiros obradoiro	10	8	-	4	2
Marín	barcos de madeira	10	8	7,04	5,04	2
Vigo	carpinteiros obradoiro	11,04	9,04	5,04	4	2
	carpinteiros de ribeira	14,24	8	5,84	4	2
Tui	serradoiros mecánicos	6,48	5,2	3,76	2,16	2
Vilagarcía de Arousa	serradoiros mecánicos	9,6	7,6	6,64	5,52	1,68
Conxunto das cinco localidades (serradoiros)		8	5,28	3,76	-	2
A Coruña (capital)	serradoiros mecánicos	9,6	7,6	6,64	5,52	1,68
Varios	serradoiros mecánicos	10	4,8	3,36	3,04	1,68
Lugo (capital)	serradoiros mecánicos	7,52	6	5,04	-	2
Varios	serradoiros mecánicos	8	6	4,8	-	2,48
Ourense (capital)	serradoiros mecánicos	-	6	4,48	4	2,48
O Carballiño	serradoiros mecánicos	-	6	-	4	-

Na provincia de Pontevedra é evidente a diferencia entre o mundo urbano e o contorno urbano ou decididamente rural no que se asentaban boa parte destas actividades. O salario medio dun «oficial», 8 ptas. nas cidades, mingua ó dirixi-la nosa ollada a Tui, Vilagarcía de Arousa ou a media provincial. Tamén, como era de esperar, os salarios nas provincias interiores son inferiores.

Subliñémo-la singular avaliación de certas actividades, consideradas uniformes nas estatísticas oficiais baixo o epígrafe de Industrias da Madeira, mais que conservan o seu específico carácter artesanal, especialmente cualificado ou minoritario... como poden se-los carpinteiros de ribeira, oficio ben diferente do simple carrexador de madeira nun serradoiro. Neste sentido as diferencias salariais eran notorias, tendendo pola contra á igualdade nas actividades de peonaxe ou aprendizaxe, esas 0,25 ptas./hora, é dicir un xornal de dúas pesetas dos aprendices, ou 4 de media dos peóns de calquera dos subsectores.

A mesma clasificación ou categorías profesionais que encabezan os respectivos salarios, mestres, oficiais, aprendices... fainos lembra-la tradición gremial de boa parte destas actividades, e o valor ás veces outorgado ó oficio, ó «bo facer» vinculado a unhas habelencias individuais ou a unha delongada aprendizaxe, algunhas veces transmitida familiarmente.

Contrastadas as devanditas estatísticas con datos de orixe sindical podemos afirmar que nas localidades grandes e con organizacións de defensa dos traballadores, a anterior táboa foi unha realidade nos primeiros anos da República. Velá as Bases de traballo asinadas polos traballadores herculinos da CNT na primavera de 1931: 7,5 ptas. para os das serras e 6,25 para os peóns, baixando a 4,5 para os axudantes de *tablilla* e 2,25 para os mozos que andaban a aprende-lo oficio.

Sen embargo, a conxuntura de crise económica neses anos republicanos, o triunfo das dereitas nas eleccións de 1933 e a atonía sindical que seguiu, debeu, como sabemos para o conxunto dos traballadores galegos, empeorar tales condicións de traballo. Así se explicaría que outra volta na primavera de 1936 se considere un triunfo sindical recuperar antigos logros. Noticias de moi diferentes lugares, Carballo, Ortigueira, Miño ou Betanzos na provincia da Coruña abundan nesta impresión. Sen ir máis lonxe, as Bases de Traballo aprobadas polo Xurado Mixto da Madeira do Partido Xudicial de Betanzos a instancias da UGT, incluían volver poñer por escrito a xornada de oito horas, precisando a supresión do traballo por pezas ou tarefa encomendada. Polo que fai ós salarios atopámonos coa seguinte escala salarial: oficial carpinteiro 7 ptas. diarias, sendo 6 para os toneleiros, e 6 e 4 para os respectivos axudantes. Os mecánicos de serra quedaban en 6,25 de media e os peóns, os carrexadores 5,5. É preciso indicar que as condicións de traballo víanse notablemente melloradas polo feito de pactaren por primeira vez unhas vacacións anuais retribuídas, oito días, así como o recoñecemento patronal de procurar novos obreiros a través da bolsa de contratación sindical.

Sen dúbida, condicións semellantes estaban a ser asinadas noutras localidades galegas na primavera de 1936, maiormente nas cidades e lugares onde a presión sindical ó cabo daba os seus fñoitos. Vai se-lo caso de Vigo e outras localidades costeiras dos arredores, onde se produce unha morea de demandas, presións e anuncios de folga, conseguíndose axiña o

solicitado: o establecemento da xornada de corenta e catro horas semanais que fora esixida perante o Xurado Mixto de Vigo pola *Sociedad de Aserradores Mecánicos y Similares* (UGT), exemplo para que de contado a solíciten os de Vilagarcía de Arousa, Catoira ou Cambados.

Unha mancha de reclamacións de incrementos salariais producíronse nos que serían meses finais da República, centrándose xeograficamente no sueste da provincia: Salvaterra, Tui, A Guarda, Mondariz, O Porriño ou Pontearreas. Gracias á intervención do gobernador civil, lembremos que triunfara a Fronte Popular en febreiro, as subas salariais foron certas na ampla bisbarra do sur da provincia, como xa dixemos a de maior concentración de empresas. Así, aínda nunha mala conxuntura empresarial, lógranse salarios no verán de 1936 de 6,75 ptas. para os mecánicos de serra, e para os peóns de entre 3,75 e 5 ptas., sendo de tan só 3 ptas. para as mulleres e pinches, e de 2,75 para os aprendices de novo ingreso<sup>13</sup>. Quen gobernaba, sen dúbida, influíu nas condicións retributivas destes asalariados.

### **Uns traballadores heteroxéneos e simbióticos**

En apartados anteriores apuntouse unha media duns 25 traballadores por fábrica; agora ben, tal cálculo aritmético agacha realidades moi diversas. Podemos afirmar, cando menos como hipótese de traballo, que o sector da madeira é un bo exemplo da heteroxeneidade dos traballadores galegos do primeiro tercio de século, pois cabo de unidades de produción radicadas en núcleos urbanos e que podemos denominar con propiedade fábricas, atopámonos con outro perfil, o dos asalariados de pequenos serradoiros inseridos en máis dun sentido na rural e tradicional sociedade galega. Os seus vínculos co agro, coa unidade familiar que supón a explotación agrícola ou con atávicos costumes e tradicións, deberon ser moi patentes nas súas vidas.

Datos de difícil sistematización permítennos albiscar, por exemplo na área de Ortigueira á altura de 1934, testemuños desta realidade. Así, para algúns despidos, os patróns alegan o absentismo laboral por mor dos

---

<sup>13</sup> Prensa sindical : SO 14-3-1931; *Boletín Oficial de la Provincia* 14-5-1936 para Betanzos; EPG da época; e Arquivo Municipal de Vigo, Carpeta sobre Conflictos sociais 1936.

asalariados realizaren tamén faenas no agro e faltaren, xa que logo, ó traballo, unido todo isto as máis da veces ó feito de seren traballadores sen cualificar, peóns que tanto traballan carrexando madeira como construíndo unha estrada ou descargando nun peirao. No mesmo sentido témo-lo feito dos obreiros betanceiros reclamar en 1936 o pagamento do transporte á vila por parte patronal, o cal nos permite asegura-la residencia rural de moitos deles.

Valéndonos da microhistoria podemos vira-las nosas pescudas cara ó cativo serradoiro existente en Leiro, no veciño concello de Miño, un caso do que temos documentación polo miúdo, e enxerga-lo devandito raquitismo fabril pois na realidade traballan tres mecánicos de serra, seis peóns, un chófer e un fogoneiro. Ben é certo que a cifra total sobe ás 25 persoas, pois atenden diferentes labores mulleres e aprendices ou axudantes de moi curta idade. Entre estes últimos, cuantitativamente a maioría, temos algúns traballadores descontinuos e máis de un analfabeto como deducimos do feito de non asinaren as nóminas por «*no saber*» ou facéndoo outros compañeiros «*a ruego del interesado*». As mulleres, case a metade, están nas categorías máis baixas, axudantas ou aprendizas, e gañan entre 2 e 3 ptas., lonxe das 6 ptas. coas que eran remunerados de cotío os serradores.

As fotografías da época testemuñan a elevada proporción de mulleres que había no sector: velaí no serradoiro de Ramón Gil en Vilagarcía de Arousa as operarias empurrando as vagonetas cheas de madeira. Coidamos, pois, que estamos diante dun tipo de proletario moi característico dos anos trinta no medio rural e vilego galego<sup>14</sup>. Reparemos na distancia, non só espacial, na que se atopaban os devanditos traballadores de Leiro en relación cos traballadores do mesmo sector empregados na capital da provincia, viaxando estes en tranvía, lendo a *Soli* ou asistindo ó cine ou a grandes mitins na praza de touros herculina.

Quizais abonde, no que estamos tentando deseñar, o feito de moitos destes asalariados da madeira estaren afiliados a sindicatos denominados de *Profesiones y Oficios Varios*, ou mesmo de *Agricultores*, pois a falla de

---

<sup>14</sup> Para Ortigueira e Miño ve-la pormenorizada documentación en Tribunales Industriales y JM, de Madera y Construcción, Ferrol, no ARG.

concentración numérica e illamento non permitía crear unha sección de oficio. Os casos de Miño e Ortigueira son unha mostra dun fenómeno, sen dúbida, máis amplo. Tamén explicaría por qué temos que esperar ata ben entrada a andaina republicana para velos asociados en sindicatos; así os de Ortigueira non se dan de alta na UGT ata o ano 1933.

O proletariado galego da época non era homoxéneo, o cal tampouco debe facernos pensar no tópic do atraso pois estudos recentes amosan cómo en sociedades moito máis desenvolvidas, por exemplo a francesa, o vínculo co mundo rural de boa parte dos proletarios foi certo ata os anos trinta. Tampouco podemos esquece-la outra cara da moeda, pois no extremo oposto estaría o que si podemos denominar fábricas, xa citamos algunhas, onde de cotío se xuntaban como no serradoiro de Ramón Gil ata 150 produtores. Estes, ademais de gozaren de mellores condicións de traballo e salario, constituíron o groso da afiliación sindical nesta rama da produción, polo menos á altura da II República. Ben se puido chegar daquela a uns 1300 afiliados estables á UGT e CNT en Galicia, o que equivalería a unha taxa de afiliación de case un 20 % do total de asalariados do sector da madeira<sup>15</sup>.

---

<sup>15</sup> Ver NOIRIEL, G.: *Les ouvriers dans la société française* Paris 1986 Ed. Seuil páx. 150. A afiliación no Boletín da UGT 1931, e PEREIRA, D.: *A CNT na Galicia 1922-1936* Santiago 1994 Ed. Laiovento.